

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE MUGARDOS

CURSO: **1.º ESO**

MATERIA: **Lingua Galega e Literatura**

DEPARTAMENTO: Galego

DATA: 11 de maio, 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1. Comunicación oral. escoitar e falar	
B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.
B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas.
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
BLOQUE 2. Comunicación escrita. Escribir e ler	
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.	LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.
B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto. LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.
B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas). LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
BLOQUE 3. Funcionamento da lingua	
B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.
B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.

B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
BLOQUE 4. Lingua e sociedade	
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona. LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.
BLOQUE 5. Educación literaria	
B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.
B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.	LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.
B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Producións escritas de tipoloxía textual variada. • Producións e intervencións orais (gravacións e videoconferencias) • Proxectos audiovisuais. • Realización de esquemas, resumos e test de autocorrección. • Emprego de ferramentas de información e comunicación: mensaxería, correo, foros, dicionarios, enciclopedias e bibliotecas virtuais, busca na rede...
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de entrega de tarefas e participación en foros da plataforma E-dixgal e correo electrónico. • Rúbricas ou guías de corrección. • Cualificación directa das tarefas entregadas. • Observación da práctica lingüística en galego (videoconferencias, chamadas telefónicas, gravacións, correos electrónicos...) • Cuestionarios autoavaliabes na rede.
Cualificación final	<p>a) Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas: A cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións, á que se lle poderá sumar ata 2 puntos no caso de realizar satisfactoriamente todas as tarefas de repaso, reforzo e ampliación, programadas durante o terceiro trimestre. Deses 2 puntos, a participación do alumnado suporá un 20% e a valoración das tarefas un 80%. Aplicarase a media aritmética redondeada á centésima máis próxima, e no caso de equidistancia, á superior.</p> <p>b) Alumnado con algunha avaliación suspensa: O alumnado seguirá o procedemento de recuperación da/s avaliación/s suspensa/s mediante a realización de todas as tarefas de repaso, reforzo e ampliación. Aplicarase o procedemento exposto no apartado a). No caso de non recuperar, a cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións.</p>

Proba extraordinaria de setembro	Realizarase unha proba baseada nos contidos, criterios de avaliación e estándares traballados na 1.ª e 2.ª avaliación.
Avaliación de pendentes	Non existen.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre: recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación

Actividades	<p>Abranguerán os cinco bloques curriculares integrados coas destrezas lingüísticas e as competencias:</p> <p>1) <u>Comunicación oral</u>: proposta de vídeos e documentos sonoros para a súa comprensión; gravación da voz e intervención en videoconferencias ou chamadas telefónicas. Proxectos audiovisuais.</p> <p>2) <u>Comunicación escrita</u>: selección de textos na rede; cuestionarios de comprensión lectora; casos prácticos de tipoloxía textual; exercicios de redacción e creación. Proxectos audiovisuais.</p> <p>3) <u>Funcionamento da lingua</u>. Repaso das categorías gramaticais e normas ortográficas vistas nos dous primeiros trimestres do curso. Uso práctico dos dicionarios en rede. Realización de esquemas.</p> <p>4) <u>Lingua e sociedade</u>. Emprego de recursos de lecer na rede en galego e en portugués.</p> <p>5) <u>Educación literaria</u>. Actividades de gravación de lecturas expresivas; audición de poemas recitados ou cantados; escritura de textos propios con intención estética. Proxectos audiovisuais.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A metodoloxía empregada neste trimestre estará condicionada polo uso habitual das ferramentas tecnolóxicas. Procurarase adaptar as actividades aos ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno, con varias propostas de entrega: desde o máis simple como un debuxo ou un texto breve ata o máis complexo como a gravación dun texto longo ou vídeo. Para os caso de reforzo educativo contarase coa axuda de PT e REFORZA-T.</p> <p>O enfoque das actividades estará orientado á realización de tarefas prácticas de carácter oral ou escrito. Con todas as participacións procurarase realizar un produto audiovisual. Cando sexa posible, buscarase a integración con outras materias.</p> <p>Incentivarase a consulta de dúbidas e a resolución de dificultades a través das aplicacións de mensaxería ou correo electrónico. O número de intercambios entre alumno-profesor será valorado positivamente.</p> <p>No caso de alumnado con imposibilidade de conexión á rede, o IES Mugardos ten disposto un servizo de reparto de tarefas ao alumnado a través de protección civil.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregaremos principalmente a plataforma EDIXGAL que fornece dos servizos de comunicación e mensaxería; creación e publicación de contidos así como e intercambio de arquivos ata 10Mb; e libros dixitais (Netex, Edebé e AulaPlaneta) .</p> <p>Ademais empregaremos o correo electrónico e a aplicación Ciscowebex para a xestión de videoconferencias.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informaremos o alumnado a través da plataforma EDIXGAL e nas comunicacións coas súas familias empregaremos a aplicación AbalarMóviles. Asemade, temos á súa disposición o correo electrónico facilitado para a atención a pais e nais.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Tamén estará dispoñible no curso da materia de Lingua Galega e Literatura (1.º ESO) da plataforma EDIXGAL e informarse na primeira videoconferencia que sexa posible.